

ACTA

Expediente núm.:	Órgano colexiado:
PLN/2023/14	O Pleno

DATOS DE DESENVOLVEMENTO DA SESIÓN

Tipo Convocatoria	Ordinaria
Data	5 de outubro de 2023
Duración	Desde as 20:36 ata as 21:51 horas
Lugar	Salón de Plenos do Concello de A Estrada
Presidida por	José Carlos López Campos
Secretaria	María Jesusa Fernández Bascuas

ASISTENCIA Á SESIÓN

DNI	Nome e Apelidos	Asiste
[REDACTED]	ALFONSO FIGUEIRAS REY	SÍ
[REDACTED]	AMALIA GOLDAR CORA	SÍ
[REDACTED]	AMALIA LAGO DURAN	SÍ
[REDACTED]	ALBERTO MANUEL BLANCO CARRACEDO	NON
[REDACTED]	DIEGO PERNAS FERNÁNDEZ (Informático)	SÍ
[REDACTED]	GONZALO LOUZAO DONO	SÍ
[REDACTED]	JOSE CARLOS LOPEZ CAMPOS	SÍ
[REDACTED]	JOSE ISMAEL PENA VILLAMOR	SÍ
[REDACTED]	JUAN CARLOS GONZALEZ BARCIA	SÍ
[REDACTED]	JUAN MANUEL CONSTENLA CARBON	SÍ
[REDACTED]	LUCIA SEOANE ROSENDE	SÍ
[REDACTED]	LUIS LOPEZ BUENO	SÍ
[REDACTED]	MARIA ANGELES PAIS CARBIA	SÍ
[REDACTED]	MARIA DEL MAR BLANCO CASAIS	SÍ



	MARÍA BELÉN LÓPEZ PENA	SÍ
	MIGUEL OSCAR RANCAÑO BRAÑANOVA	SÍ
	MANUEL MAGARIÑOS MACEIRAS	SÍ
	MARÍA CARMEN MORILLO RODRÍGUEZ (Interventora)	NON
	M ^{re} DEL CARMEN DURÁN LEA	SÍ
	OSCAR ALEJANDRO DURAN BARROS	SÍ
	ROMÁN SUÁREZ PORTO	SÍ
	VANESA IGLESIAS CASAL	SÍ
	XOÁN REYES VILLAR	SÍ

Unha vez verificada pola secretaria a válida constitución do órgano, o presidente abre a sesión, polo que se procede á deliberación sobre os asuntos incluídos na orde do día

A) PARTE RESOLUTIVA

APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA CORRESPONDENTE Á SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA O 7 DE SETEMBRO DE 2023

Favorable **Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento

Dada conta do borrador da acta correspondente á sesión ordinaria celebrada o día 7 de setembro de 2023, esta é aprobada por unanimidade, ordenándose polo Sr. Presidente a súa transcripción ao Libro de Actas segundo o disposto no artigo 110.2 do ROF.

APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA CORRESPONDENTE Á SESIÓN EXTRAORDINARIA CELEBRADA O 21 DE SETEMBRO DE 2023

Favorable **Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento

Dada conta do borrador da acta correspondente á sesión extraordinaria celebrada o día 21 de setembro de 2023, esta é aprobada por unanimidade, ordenándose polo Sr. Presidente a súa transcripción ao Libro de Actas segundo o disposto no artigo 110.2 do ROF.

Expediente 7376/2022. DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA DE





URBANISMO E AXENDA URBANA EN RELACIÓN COA PROPOSTA DE APROBACIÓN DA AXENDA URBANA DO CONCELLO DE A ESTRADA

Favorable

Tipo de votación: Ordinaria

A favor: 18, En contra: 0, Abstencións: 2, Ausentes: 0

Concédeselle a palabra ao concelleiro delegado de Urbanismo, **D. Gonzalo Louzao Dono**, quen comenza explicando que estamos ante a proposta de aprobación do documento da Axenda Urbana, a cal foi debatida na Mesa de Mobilidade, organismo óptimo, pola súa ampla composición, para debater un asunto tan importante de cara a vindeiros fondos europeos do período 2024-2030, e así anticiparnos e ser un dos concellos que opten a este tipo de recursos e que nos transformarán nesa Estrada do futuro. Para acadar este fin fíxose unha radiografía, coa participación dun equipo técnico municipal, dunha empresa consultora, coa participación cidadá e cos curso de 5º e 6º de primaria dos colexios do noso municipio, e que se traduce neste documento transversal e moi amplo, que tivo tamén unha aportación do grupo municipal do Partido Socialista e que se incorporou ao ditame adoptado pola Comisión Informativa de Urbanismo e Axenda Urbana.

Continúa explicando que se propón que polo Pleno sexa aprobada a Axenda Urbana, a cal conta con dez documentos e 24 actuacións estratéxicas, coa incorporación dunha 25, a proposta do grupo socialista, consistente na creación dunha residencia de titularidade pública no Concello da Estrada dentro do OE6 Análise Social (Apoio a persoas e colectivos vulnerables con especial atención á terceira idade).

Pide a palabra o concelleiro do grupo do PSdeG-PSOE, **D. Román Suárez Porto**, para dicir, en primeiro lugar, o seu orgullo de representar ao pobo estradense nesta súa primeira intervención. Indo ao fondo do asunto, di que o seu grupo ve nesta Axenda Urbana un documento amplo e ambicioso, esperando que conte cos máximos recursos posibles, agradecendo que a proposta do seu grupo fora tida en conta e que se incluíu; así mesmo, di que se seguirá observando o avance desta axenda e a asignación de recursos, esperando que sexa o máis proveitoso posible para o noso concello.

O **Sr. Alcalde** agradece a súa intervención e polas súas primeiras palabras, porque é bo que todos e todas participemos na organización desta corporación.

Toma a palabra a concelleira do grupo do BNG, **Dna. Vanesa Iglesias Casal**, para trasladar a abstención do seu grupo na votación, pasando a explicar o por que desta decisión. Di que no acto “paripé” da errada investidura do líder do PP da semana pasada en Madrid, deixou ben claro a súa postura sobre as adaptacións por parte da política ante o cambio climático que



estamos a sufrir, porque Feijóo dixo claramente nas Cortes que transición ecolóxica SI e ditadura actividades en ningún caso, porque o liberalismo que o PP practica impide que se cumpra coa Axenda 20/30 e a Axenda Urbana, a cal pide que, co gallo de acadar unha arquitectura baseada na resiliencia e pensada para o peón, en proxectos arquitectónicos que combatan a calor e centos do cambio climático; porque todos somos sabedores de que o que lle importa ao PP é o ladrillo e o formigón. En canto ás propostas de preservación do medio, existen exemplos moi claros, tales como o que está sucedendo en Doñana, o levantamento dos carril de bicicletas en moitos dos concellos en que o PP goberna con VOX, ou a loita destes partidos para manter a ENCE na ría de Pontevedra.

Continúa dicindo que o grupo do PP foi a quitar a foto cos arquitectos o pasado luns (Día da Arquitectura) á Praza da Feira, observando como se aplaudía ese modelo cando a 50 metros de distancia se habían cargado unha alameda centenaria para crear unha mole de formigón cegador e que non dan mantido en condicións . Así mesmo, a nova Praza da Feira conta agora con árbores secas e os partexes mal logrados.

Ante o dito, o grupo do BNG considera que esta Axenda Urbana non é máis que un “brindis” ao sol, un exercicio de cinismo que non van a cumprir por falta de tempo, financiamento e porque se afasta das prácticas políticas do grupo do PP. A Abstención do seu grupo é porque si cre nunha proposta semellante que cubra nas necesidades da Estrada e así o recolle este documento; é máis, neste recóllense cortas e pegas de propostas do propio BNG, exemplo é a recuperación de casas antigas e deshabitadas para alugamento social ou facer centros interxeneracionais nas casas escolas das nosas aldeas; pero considera que non é máis que unha posta en escena e unha escusa para peonalizar a Farola.

Finalmente, di que o seu grupo demanda máis ambición e que a Axenda Urbana se aplique necesariamente no rural, facendo fincapé no saneamento do mesmo, na seguridade vial da xente que vive nel e as comunicacións mediante o transporte público co pobo, isto último que o grupo de goberno pensa que está solucionado cun coche eléctrico, pero considera que, se de verdade lles preocupara, xa haberían premiado a Mobilidade para que Mombús cumpra coas súas obrigas e horarios; así mesmo, recuperando edificios abandonados, o non traendo multinacionais, como Mercadona ou LIDL, a competir co pequeno comercio.

En resume, di que o seu grupo se abstén porque o grupo de goberno non está a facer un plan de desenvolvemento urbano consciente e planificado (limitándose a pechar rúas, á improvisación de peonalizacións de rúas, dando lugar a intervencións que se contradín entre si), non quere esquecer o alto número de persoas maiores dependentes (media máis alta da provincia de Pontevedra) ou a mellora da transparencia.



Toma a palabra a voceira do grupo Mixto (MOVETE), **Dna. Mar Blanco Casais**, quen comenza dicindo que estamos ante un documento importante que recolle ben as carencias do noso concello, no que están presentes os principais problemas e grandes liñas para facerlles fronte; sen embargo o problema non é o documento, senón o tratar de dar respostas a todos eses problemas que recolle e que A Estrada poida sacar adiante grandes proxectos que cumpran eses obxectivos da Axenda 20/30. Polo tanto, o seu grupo vai a votar a favor da aprobación da Axenda Urbana por recoller moitas carencias do noso concello, pero, dende longo, cre que o grupo de goberno debe estar aberto a que os grupos da oposición participen na elaboración de proxectos concretos para ir avanzando no espírito deste documento.

Pide a palabra o voceiro do grupo do PSdeG-PSOE, **D. Luis López Bueno**, para aclarar que non ir á guerra con este documento non significa ser compracentes, xa que se discutiron no seu momento varias cuestións e puntos do mesmo, tan só hai que ser conscientes de que este asunto é imprescindible para acceder ao financiamento europeo, é un documento moi amplo, contando con 25 obxectivos concretos e centos de actuacións concretas que non se poderán facer nin no período 2023-2030, nin no 2030-2040, etc; pero entende que este documento ten que ser así de amplo, recollendo dúcias de proposta de todos os grupos municipais, algo normal porque o día de mañá calquera destes grupos, hoxe na oposición, poden gobernar e este Axenda Urbana tamén ten que servir para solicitar subvencións europeas polo novo goberno; neste sentido o grupo socialista está satisfeito. Entende que o traballo da oposición neste momento é ver como se van executando as prioridades desa Axenda Urbana, valendo que o equipo de goberno municipal cumpra coas expectativas dos veciños e veciñas e coas necesidades máis urxentes por atender.

Ante o dito, reitera que o seu grupo votará a favor da aprobación da Axenda Urbana.

Non habendo máis intervencións, procédese á votación desta proposta, adoptándose polos votos a favor dos grupos do PP, PSdeG-PSOE e Mixto (MOVETE) e a abstención do grupo do BNG o seguinte **ACORDO**:

Visto o acordo adoptado pola Xunta de Goberno Local con data 28/11/2022, polo que se aproba o inicio dos trámites da Axenda Urbana do Concello de A Estrada.

Vista a Axenda Urbana elaborada por este Concello, que contén os preceptivos documentos denominados Diagnóstico, Marco Estratéxico, Plan de Acción e Sistema de indicadores.

Visto que, con data 14/09/2023, reuniuse a Mesa de Mobilidade onde se debateu a mesma.





Visto o Ditame acadado pola Comisión Informativa de Urbanismo e Axenda de Urbanismo en sesión celebrada o 21/09/2023.

E, ao abeiro do debatido nesta sesión, adóptase, por maioría, o seguinte **ACORDO**:

Aprobar a Axenda Urbana do Concello da Estrada, previa inclusión no cadro de actuacións estratéxicas, incluído no apartado 3 (Rango orzamentario e período de implementación), do documento de Plan de Acción un punto 25 que contemple a creación dunha residencia de titularidade pública no Concello da Estrada dentro do OE6 Análise Social (Apoio a persoas e colectivos vulnerables con especial atención á terceira idade).

Expediente 2254/2023. DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA DE URBANISMO E AXENDA URBANA EN RELACIÓN COA PROPOSTA DE RATIFICACIÓN DA APROBACIÓN DO PROXECTO "MÓDULO CUBIERTO MULTIDEPORTE"

Favorable

Tipo de votación: Ordinaria

A favor: 17, En contra: 2, Abstencións: 1, Ausentes: 0

Para explicar este asunto toma a palabra o concelleiro delegado de Urbanismo, **D. Gonzalo Louzao Dono**, quen aclara que, por erro, aprobouse por Decretos da Alcaldía o proxecto básico e de execución asinado en data 16/01/2023 polo Arquitecto D. José Luis Domínguez González (P.E.C.: 2.028.588,72 €, IVE incluído), para acometer a obra/construción/instalación "Módulo Cuberto Multideporte", cando o acordo debería ser adoptado polo Concello Pleno por causa da súa contía. Polo tanto, agora o que se propón e ratificar ese acordo adoptado polos Decretos da Alcaldía números 2023-0491, de 14 de abril; 2023-0788 e 2023-0791, de 6 de xuño.

Pide a palabra o voceiro do grupo municipal do PSdeG-PSOE, **D. Román Suárez Porto**, quen, ao considerar que estamos ante un trámite formal que necesita do apoio do seu grupo, traslada o voto a favor do seu grupo.

Intervén o voceiro do grupo do BNG, **D. Xoán Reyes Villar**, para aclarar que lle parece rechamante que se sigan gastando e conseguindo fondos para este tipo de actuacións cando hai cuestións máis urxentes (por exemplo, o SAF e a recollida de lixo), polo tanto pensa que estamos ante un erro de prioridades, sendo esta a causa que xustifica o voto en contra do seu



grupo.

Toma a palabra a voceira do grupo Mixto (MOVETE), **Dna. Mar Blanco Casais**, para trasladar a súa abstención na votación, ao igual que se fixo cando se aprobou nunha sesión plenaria anterior a solicitude de orzamento para o proxecto das Pistas de Atletismo, porque, aínda que se trataba dunha infraestrutura necesaria por ser unha débeda cos deportistas estradenses, non concordaba co importe do proxecto; ademais, por tratarse dunha ratificación dun acordo xa adoptado, non é necesario o seu apoio.

Procédese á votación desta proposta, adoptándose, polos votos a favor do PP e PSdeG-PSOE, en contra do BNG e a abstención do grupo Mixto (MOVETE), o seguinte **ACORDO**:

Visto que, por erro, resolveuse, mediante os Decretos da Alcaldía números 2023-0491, de 14 de abril; 2023-0788 e 2023-0791, de 6 de xuño, aprobar o Proxecto básico e de execución asinado en data 16/01/2023 polo Arquitecto D. José Luis Domínguez González (P.E.C.: 2.028.588,72 €, IVE incluído), para acometer a obra/construción/instalación "MÓDULO CUBIERTO MULTIDEPORTE".

Visto que, tendo en cota a contía do proxecto, o acordo de aprobación debería de ter sido adoptado polo Concello Pleno.

Visto o Ditame acadado pola Comisión Informativa de Urbanismo e Axenda Urbana, en sesión celebrada o 21/09/2023.

E, ao abeiro do debatido nesta sesión, adóptase, por maioría, o seguinte **ACORDO**:

Ratificar a aprobación do proxecto básico e de execución asinado en data 16/01/2023 polo Arquitecto D. José Luis Domínguez González (P.E.C.: 2.028.588,72 €, IVE incluído), para acometer a obra/construción/instalación "MÓDULO CUBIERTO MULTIDEPORTE" realizada mediante os Decretos da Alcaldía números 2023-0491, de 14 de abril; 2023-0788, de 6 de xuño; e 2023-0791, de 6 de xuño.

Expediente 5971/2023. DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA DE CULTURA E DEPORTES EN RELACIÓN COA PROPOSTA DE AUTORIZACIÓN Á ALCALDESA DO CONCELLO DE SALVATERRA DO MIÑO, EN COORDINACIÓN COS ALCALDES E ALCALDESAS DE PONTEAREAS, PAZOS DE BORBÉN, PONTE CALDELAS, CERDEDO-COTOBADE E A ESTRADA, PARA INICIAR OS TRÁMITES CONXUNTOS PARA A DECLARACIÓN DO "CAMIÑO DO TAVERNEIRO" COMO VÍA CULTURAL

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento



Concédeselle a palabra ao concelleiro delegado de Cultura, **D. Juan M. Constenla Carbón**, quen explica que, despois da labor de investigación feita por D. Luis Ferro e D. Carlos da Barreira, púxose en valor o “Camiño do Taverneiro”, camiño que nace a comezos deste século trala aparición nos libros parroquiais de San Paio de Figueroa (A Estrada) dunha anotación sobre a morte dun peregrino no ano 1784, Ignacio Taverneiro, un veciño de Santa Baia de Ponte Caldelas. Di que se trata dun camiño que vai dende Salvaterra a Santiago pasando por Pontearreas, Pazos de Borbén, Ponte Caldelas, Carballedo (Cercedo-Cotobade) e a Estrada, considerando que é un paso importante para fomentar a hostalaría e a actividade comercial do noso concello, así como a posta en valor do noso patrimonio cultural e medio ambiental.

Ante o sinalado, mediante o presente asunto se propón autorizar á Alcaldesa–Presidenta do Concello de Salvaterra de Miño, en coordinación co resto de Alcaldes e Alcaldesas de Pontearreas, Pazos de Borbén, Ponte Caldelas, Cercedo-Cotobade e A Estrada, a iniciar os trámites conxuntos para a declaración do “Camiño de Taverneiro” como Vía Cultural, contando coa axuda da deputada de turismo da Deputación Provincial de Pontevedra.

Pide a palabra a concelleira do grupo do PSdeG-PSOE, **Dna. M^a Belén López Pena**, para trasladar o voto a favor do seu grupo, o cal está moi orgulloso de ter dous veciños na Estrada que o dan todo para sacar un proxecto adiante, D. Luis Ferro e D. Carlos da Barreira, os cales, de xeito de desinteresado, fan unha labor de investigación moi importante.

Xustifica o voto a favor desta proposta en que, para o seu grupo, calquera iniciativa que favoreza á nosa veciñanza conta co seu apoio, neste caso estamos ante a aposta por unha cuarta vía que pasa por noso concello, estando conforme con que se nomee á Alcaldesa de Pontearreas para que inicie os trámites oportunos en representación do restos dos concellos afectados; ademais de que este novo camiño xerará riqueza para os comerciantes estradense, dará visión á Estrada e porá en valor o noso patrimonio cultural e, neste último caso, prega que se coide e se sinalice adecuadamente.

Intervén o voceiro do grupo do BNG, **D. Xoán Reyes Villar**, para manifestar que votarán a favor por ser positivo para o noso concello, ademais de parecerlle unha iniciativa cultural moi interesante, sen embargo, considera que o seu alcance será moi limitado ante a falta de ofertas de aloxamento no noso municipio, polo que se debería de solicitar un albergue público. Tamén quere solicitar que determinados bens patrimoniais, como a Torre de Guimarei, sexan postos en valor mediante o seu adementamento e recuperación.

Toma a palabra a voceira do grupo Mixto (MOVETE), **Dna. Mar Blanco Casais**, quen di que



está a favor de que se poña en valor o noso patrimonio cultural a través deste novo Camiño do Taverneiro, pero, para elo, é necesario traballalo mellor e mantelo transitible e non como ocorre cos outros camiños existentes que non están en estado de abandono grazas aos veciños que os limpan, ademais de que conte cunha boa sinalización. Non se pode esquecer que tamén é fundamental que o patrimonio cultural e natural estea coidado e en bo estado e así cumprir co obxectivo de poñer en valor o noso concello.

En canto a existencia dun albergue, quere lembrar que xa contamos cun en Sabucedo, non entendendo o por que leva anos pechado a pesares de que a Asociación Rapa das Bestas de Sabucedo leva tempo ofrecéndose a xestionalo.

Non habendo máis intervencións, procédese á votación, adoptándose, por unanimidade, o seguinte **ACORDO**:

Visto que en Galicia existen numerosas vías de comunicación que durante séculos foron utilizadas como vías de tránsito para a veciñanza e forasteiros. Hoxe en día, a pesares de que seguen formando parte da estrutura tradicional do territorio galego, moitas delas permanecen no esquecemento. Nelas, e no seu entorno, agóchanse diferentes recursos con importante interese patrimonial. En consecuencia, debe ser obxectivo das Administracións pór en valor estes elementos e seu nexos de unión que son eses camiños históricos.

Visto que, neste senso, hai que destacar o traballo de investigación que realizan Luís Ferro e Carlos da Barreira sobre o denominado “Camiño de Ignacio Taverneiro”, onde se fai un traballo de documentación importante co fin de recuperar esta ruta que tamén foi usada por peregrinos, tal e como se pode constatar nos datos bibliográficos.

Visto que a Investigación sobre este camiño nace a comezos deste século, tras a aparición nos libros parroquiais de San Paio de Figueroa (A Estrada) dunha anotación sobre a morte dun peregrino no ano 1784, tratábase de Ignacio Taverneiro, un veciño de Santa Baia de Ponte Caldelas. Despois de anos de indagacións os datos históricos revelan que esta ruta facíana peregrinos procedentes de Braga e das zonas portuguesas e galegas máis próximas o seu trazado. O percorrido deste Camiño entre Braga e Salvaterra de Miño xa se tratou, de forma moi xenérica, en varios congresos de finais do século pasado, onde se facía referencia a travesía en barca a Salvaterra, dos peregrinos que proseguían por Salvaterra o seu camiño cara Santiago. A partires de aí fíxose un traballo de investigación que marca o camiño dende Salvaterra a Santiago pasando por Pontearreas, Pazos de Borbén, Ponte Caldelas, Carballedo (Cercedo-Cotobade) e a





Estrada, un traballo no que deberase afondar moito máis.

Visto que a Lei 5/2016, de 4 de maio, do Patrimonio Cultural de Galicia, no seu artigo 10 (“Categorías de bens inmobles declarados de interese cultural o catalogados”), punto 1, apartado e), define as vías culturais do seguinte xeito: “a vía ou camiño de características orixinais recoñecibles que forme parte, ou que formou no pasado, da estrutura tradicional do territorio, cun relevante interese turístico, arquitectónico, arqueolóxico, etnolóxico ou antropolóxico”.

Visto o Ditame acadado pola Comisión Informativa de Cultura e Deportes na sesión celebrada o 28/09/2023.

E, ao abeiro do debatido nesta sesión, adóptase, por unanimidade, o seguinte **ACORDO**:

Autorizar á Alcaldesa-Presidenta do Concello de Salvaterra de Miño, en coordinación co resto de Alcaldes e Alcaldesas de Pontearreas, Pazos de Borbén, Ponte Caldelas, Cercedo-Cotobade e A Estrada, a iniciar os trámites conxuntos para a declaración do “Camiño de Taverneiro” como Vía Cultural.

Antes de pasar á parte de Actividade de Control o **Sr. Alcalde** pregunta se algún dos grupos políticos quere presenta algunha moción de urxencia; non habendo, se segue co orde do día:

B) ACTIVIDADE DE CONTROL

DACIÓN DE CONTA DOS DECRETOS DA ALCALDÍA DITADOS NO PERÍODO COMPRENDIDO ENTRE O 1 E O 29 DE SETEMBRO DE 2023 (AMBOS OS DOUS DÍAS INCLUÍDOS)

Dáse conta dos Decretos da Alcaldía ditados no período comprendido entre os días 1 e 29 de setembro de 2023 (ambos os dous días incluídos), que van dende o número 2023-1267 ao número 2023-1404 (ambos os dous incluídos).

A Corporación en Pleno queda sabedora.

C) ROGOS E PREGUNTAS



Toma a palabra o voceiro do grupo do PsdeG-PSOE, **D. Luis López Bueno**, para lembrar, en canto ao nomeamento dos alcaldes e alcadesas de barrio, a súa proposta de que neste nomeamento se siga un procedemento democrático e así os veciños e veciñas poidan escoller directamente a súa representación, recordando que o Regulamento municipal de Participación Cidadá prevé a creación do Consello Parroquial, o cal, xunto coa súa presidencia, sería elixido a través dun proceso democrático; ao igual que a Axenda Urbana (aprobada anteriormente) contempla o desenvolvemento dese Consello parroquial. Ante o dito, pregunta que xestións se fixeron ata de agora e se se van a aplicar os instrumentos xurídicos do que está dotado este Concello.

Responde o **Sr. Alcalde** de que se está nese proceso de nomeamento de alcaldes ou alcadesas de barrio, en concreto nun terzo das parroquias que non teñen por causas varias (falecemento, renuncia, etc.), porque no resto onde xa existen non se pensa substituílos porque están a funcionar moi ben.

Quere lembra que os alcaldes ou alcadesas de barrio obtema a representación do alcalde en cada parroquia, polo tanto será a Alcaldía a que os nomee. Tamén quere dicir que as parroquias teñen varias fórmulas para nomear aos seus representantes, como as Asembleas ou Asociacións de Veciños.

Finalmente, espera que estes novos nomeamentos se efectúen durante este mes de outubro.

O **Sr. López Bueno** lamenta que non se apliquen as normas democráticas e o réxime xurídico deste Concello. Continúa preguntando se o grupo de goberno tivo constancia sobre a evolución do acordo adoptado nunha anterior sesión plenaria sobre a solicitude dun Botica Anexa para a contorna de Oca.

O **Sr. Alcalde** lle responde que no último debate sobre este asunto, no apartado de rogos e preguntas dunha sesión anterior, se lle informou da preocupación da Consellería responsable de que se xustificara pola persoa interesada o traslado da farmacia existente naquela zona co non desabastecemento farmacéutico para esa contorna, algo que está a dificultar a tramitación da Botica Anexa. Informa que se lle solicitou a este Concello un análise dos tempos de desprazamento do transporte público das parroquias afectadas ao casco urbano e dun informe sobre as distancias entre os centros de saúde e as farmacias existentes, documentación que se lle remitiu á Consellería e agora estamos á espera á súa resolución.

Continúa o **Sr. López Bueno** lembrando que na sesión plenaria do mes de agosto



se formulou, co gallo do accidente ocorrido na rúa San Paio, un rogo para que se instara á Xunta para que adoptara as medidas técnicas necesarias, polo que pregunta se esta xestión se fixo e se hai contestación por parte da Xunta.

O **Sr. Alcalde** di que nesa zona se fixo unha actuación fai tres anos utilizando un pavimento rugoso para evitar as saídas de vía, pero ese material ten unha vida limitada polo que agora a empresa responsable do mantemento dos viais da Xunta está a planificar unha nova actuación, despois de que este Concello comunicara a necesidade de facelo, sobre todo nesa curva.

O **Sr. López Bueno** di que nas obras da Avda de Santiago hai unha rúa que está sen alumado, preguntando o por que.

O **Sr. Alcalde** responde que alí se tivo algún problema co cadro eléctrico, en concreto no entronque da Avda de Santiago co Camiño da Congostra, porque saltaba o fusible, pero os electricistas estiveron vixiantes para resolver ese problema, descoñecendo de que seguía fallando ese tramo, pero llo trasladará ao servizo para que estean atentos e o resolvan.

O **Sr. López Bueno** di que, durante este mes, rexistráronse escritos de demandas de varios veciños e veciñas, dos cales algúns están en trámite pero outros non, polo que prega que se teñan en consideración.

Así mesmo, quere plantexar un tema en relación coa organización administrativa, derivado da tramitación da Axenda Urbana, en concreto de que os asuntos que se propoñen nunha Comisión Informativa saen igual cando se ditaminan; por exemplo, na proposta de aprobación da Axenda Urbana o seu grupo propuxo incluír unha actuación no documento e se ditaminou favorablemente, pero agora vemos que o documento segue igual e se somete a mesma proposta a este Pleno, pedíndolle á Secretaria que lle explique isto, porque non atopou no Regulamento ningún artigo que impida que as proposta de acordo que van a unha Comisión Informativa se ditaminen de diferente maneira, xa que, despois da haberse ditaminado a Axenda Urbana podería haberse modificado o documento antes de sometelo ao Pleno. Ante o anterior pide que esta cuestión sexa aclarada por Secretaría.

O **Sr. Alcalde** lle contesta que a esencia das Comisións Informativa é o debate e aportar cuestións dentro de parte resolutiva, non coñecendo ningunha lexislación que, dentro da capacidade negociadora que ten a corporación, que regulen que se



poida chegar a acordos modificados, tanto nas Comisións Informativas como no Pleno; outra cousa é a complexidade, porque o departamento de Secretaría é bastante prudente coas modificacións de acordos ou coa incorporación de mocións de urxencia nos Plenos polos problemas derivados da plataforma de administración electrónica GESTIONA, pero isto non é óbice para chegar a acordos. Por outra parte, aclara que a secretaria xeral, M^a Jesusa Fernández Bascuas, non está de secretaria da Comisión Informativa de Urbanismo e Axenda Urbana, senón que é o técnico Rogelio A. Carrera Ares, polo que, ao mellor, por criterio deste último se seguiu este procedemento á hora de ditar o ditame, así que lle preguntará sobre esta cuestión, pero recalca que, en principio, vai en contra do espírito do propio debate e dos acordos que se poidan adoptar pola propia Comisión Informativa, é dicir, que os ditames que se adopten na Comisión son válidos, salvo que se necesiten novos informes técnicos ou xurídicos, ou ben a necesidade dun trámite previo antes de ser ditaminado cun impacto orzamentario, cuxa falta podería orixinar acordos de nulo de pleno dereito.

En canto ao caso do acordo de aprobación da Axenda Urbana, o mesmo recolle que se aproba coa previa inclusión dun punto 25 que contemple a creación dunha residencia de titularidade pública, polo que se adquire o compromiso de efectuar esa modificación. De todos os xeitos se falará cos secretarios e secretarias das Comisións Informativas para que estean informados e informadas desta situación.

Intervén a **Sra. Secretaria** para dicir que se trata máis dun problema de redacción do ditame, aínda así se estudará como se pode mellorar.

O **Sr. Alcalde** di que non hai nada que impida que os acordos que cheguen a unha Comisión poidan ser modificados antes de ir ao Pleno

Toma a palabra o voceiro do grupo municipal do BNG, **D. Xoán Reyes Villar**, para facer, en primeiro lugar, unha serie de rogos e que se detallan de seguido:

- Que se busque unha nova ubicación para o contedor amarelo sito en Friamonde - Calobre, porque na actualidade é de difícil acceso para as persoas con dificultades de mobilidade.
- Ante a falta de internet dos veciños de Calvelo - Santo André de Veá, prega que se lle busque unha solución.
- Que sexa arranxado o cableado que está colgando en Ponte Liñares - Calobre e que agora tan só está suxeito por tres cintas postas pola Policía Local.



- En canto ao cableado de fibra en Portela - Santo André de Veá, está tirado polo chá, polo que pide que tamén se arranxe.
- Que se retiren ou sinalicen adecuadamente os valos metálicos sitos no casco urbano e que levan moito tempo colocados.
- Que se busque unha solución ao tema das arquetas pluviais e fecais existentes na praia fluvial de Liñares e fronte á sala de festas Lenon, porque cada que vez que chove un pouco desbordan.
- Que se arranxe o camiño que vai de Frades a Santa Mariña, actualmente nun estado intransitable.
- Que se desbroce a pista de Guimarei, sobre o río Pinguela, porque ten pouca visibilidade co risco de accidentes que supón.
- Que se arranxe as entradas á Escola e á Biblioteca da parroquia de Guimarei, e que se atopan en malas condicións.
- Que sexa colocado un espello na rúa Varela Buxán, á altura da Hamburguesería Florida, porque ao vir da rúa do Muíño hai escasa visibilidade.

Para rematar coa súa intervención, di que lle gustaría que se lle comunicara cal foi o balance económico final do Campionato Enduro.

A esta última pregunta, o **Sr. Alcalde** responde que todos os eventos, sobre todo deportivos, que se fan na Estrada teñen un retorno importante, directo e indirecto, porque estámonos a converter nunha vila onde se desenvolven diferentes disciplinas deportivas todos os fins de semanas e que supoñen un retorno inmediato no que se refire á economía do concello. No caso do Campionato Enduro, proba a nivel nacional e cunha proxección importante que pon á Estrada no mapa do deporte, supuxo que se achegasen milleiros de persoas, traducíndose, xunto con outros eventos, nun beneficio a nivel hostaleiro e comercial. En canto ao custo que teñen, non é, moitas veces, un custo material, estando agora pendentes dunha reunión coa organización do evento, non sendo cuestión de que teña un elevado impacto económico senón que se nos pide colaboración en materia de coordinación, organización, protección civil, ambulancias, etc., polo que o beneficio económico é pouco en relación ao beneficio que aportan realmente aos nosos comerciantes e hostaleiros, e ao prestixio e coñecemento da nosa vila.

En definitiva, di que case todas as actuacións deportivas que se celebran na Estrada supoñen un custo cero para o Concello, tan só cedemos instalacións municipais ou medios derivados da organización, en contra do beneficio económico que supón para os hostaleiros e comerciantes estradenses.



Intervén a voceira do grupo Mixto (MOVETE), **Dna. Mar Blanco Casais**, para formular pregar que sexa asfaltada na súa totalidade a pista que da entrada ao lugar de Torreboreda, camiño da concentración parcelaria xunto ás vivendas, porque está toda asfaltada menos un anaco.

O **Sr. Alcalde** lle comenta que había un problema de augas ou de patrimonio, e que, incluso, os propios veciños obrigaron a paralizar o asfaltado.

A **Sra. Blanco Casais** pide que se comprobe que se arranxou o problema existente, e nese caso, asfaltar ese anaco que falta. Continúa trasladando a petición da veciñanza de Olives para que se arranxen as pistas do monte de A Somoza co gallo de facilitar o paso de tractores.

Continúa a **Sra. Blanco Casais** informando da existencia de dous vehículos abandonados fai tres meses na rúa Manuel de la Calle (do que cre que a Policía Local ten constancia), en concreto un vehículo e un pequeno camión do Punto Limpo que os propios gardas municipais ordenaron que se aparcara alí e despois o precintaron, orixinando preocupación entre a veciñanza de que esta situación perdure no tempo, polo que prega que se inicie o procedemento para as súas retiradas.

Manifesta a necesidade de conectar a nosa vila coa área sanitaria de Santiago sen necesidade de facer transbordo na Estación de Autobuses santiaguesa, debido á existencia de problemas para varios veciños e veciñas por non dispoñer de vehículo para acudir aos hospitais. Esta necesidade parte dunha demanda popular, polo que dende o Concello se debería tamén loitar para acadar esta liña directa de transporte.

En relación coa rede de abastecemento de auga de Tabeirós, pregunta se o grupo de goberno ten algún plan de cara a avanzar na prestación no rural dos servizos de abastecemento de auga e saneamento, porque lle chega a noticia da existencia de problemas en algúns lugares do noso rural derivados da contaminación das traídas de auga particulares. Di que entende que, debido á extensión do noso territorio, é imposible actuar en todo el ao mesmo tempo no que na prestación dos devanditos servizos se refire, pero considera que se podería ir avanzado.

Intervén o **Sr. Alcalde** para informar, no que se refire aos vehículos abandonados na rúa Manuel de la Calle, que estes están inmovilizados por orde xudicial, pero intentarán resolver esa actuación administrativa de retirada unha vez se poida. Sobre o subministro dos servizos de abastecemento de auga e saneamento no



rural, di que hai que ir avanzando nestas dotacións, de feito, nas dúas parroquias onde se detectou un maior desabastecemento (Tabeirós e Nigoi) foron as primeiras onde se actuou; agora mesmo se están orixinando problemas noutras parroquias da zona sur, algo que preocupa moito e, de feito, se lle trasladou á Xunta esta problemática provocada pola seca de moitos mananciais e pola falta de labores de mantemento dos depósitos de auga por parte dos veciños debido a que a poboación é cada vez máis envellecida. Ante todo, se está intentando traballar coa Xunta de Galicia e coa Deputación para potenciar o apoio a esas comunidades de usuarios e de veciños para que poidan ter acceso a financiamentos de melloras das infraestruturas, ou ben que poidan contratar empresas dedicadas a este fin. En canto ao servizo de saneamento, se traballa na posibilidade de poder optar a fondos europeos 2021-2027, pero para elo é necesario traballar no deseño dun plan director de saneamento co fin de implantar distintos sistemas de depuración e dar un servizo eficiente, porque estamos a falar da construción de quilómetros de colectores para dar resposta a unha poboación moi dispersa, o que se traduce en moitos millóns de euros.

En relación á conexión da Estrada coa área sanitaria de Santiago, dende o Concello se está a traballar nesta cuestión, de feito existen moitas queixas das persoas usuarias do servizo de transporte pola supresión dalgunhas liñas, sobre todo as integradas, e a deficiencia doutras. Comunica que se tivo unha reunión coa directora xeral de Transportes da Xunta de Galicia, barallando a posibilidade de implantar o transportes por demanda, ademais de que a compañía respecte e manteña as liñas existentes e os seus horarios tanto no rural como as que comunican a nosa vila con Santiago, algo co que a Xunta está de acordo. Por outra parte, se está a contemplar fixar (dentro dunha bolsa de horarios existentes) unha liña para traballadores e pacientes dos hospitais, pero existe o problema de compatibilizar os horarios de ida e de volta e da dificultade que supón crear un transporte específico a demanda; pero se está a valorar crear dúas novas rutas, unha ás 7:50 horas, ás 14:50 e 21:50 con chegada a Santiago, e a outra con saída de Santiago ás 8:15, 15:15 e 21:15 horas, pero aínda non está pechada esta opción, esperando que nos vindeiros días se poda ter resposta.

A continuación o **Sr. Alcalde**, en cumprimento co disposto no Regulamento de Participación Cidadá, pregunta se algunha persoas das asistencias como público á sesión quere formular algún rogo ou pregunta.

Pide a palabra **Dna. Balbina Martínez Ramallal** (DNI: XXXXXXXXXX) para preguntarlle ao Sr. Alcalde se buscou a gravación da sesión plenaria do pasado 6



de xullo onde consta que ela dicía que dubidaba bastante da profesionalidade da Policía Local, porque considera que ela non o dixo.

O **Sr. Alcalde** lle responde que se fixo a consulta e no audio incorporado ao respectivo expediente consta esa manifestación, propoñéndolle que se acerque polo departamento de Secretaría para que lle dean acceso a dito audio e así o pode comprobar persoalmente.

A **Sra. Martínez Ramallal** di que cando dixo o Alcalde que non dubidaba da palabra dos municipais ela tan só dixo “bueno”.

O **Sr. Alcalde** lle di que, para que quede máis tranquila, vaia ata Secretaría e consulte o audio dese Pleno.

Di a **Sra. Martínez Ramallal** que na acta plenaria do 4 de maio de 2023 (a cal non aparecía publicada e ao día seguinte apareceu) o seu DNI estaba sen tapar, polo que pediu que o fixeran, de feito llo dixo a Alberto e así se fixo.

Sobre o dito polo BNG sobre que na residencia hai varias farolas sen tapas, pide se arranxen.

En relación cos sumidoiros, di que hai veces que cheira moitísimo, por exemplo na entrada do LIDL a pesares de que é unha entrada de supermercado.

Tamén comenta que se di que os rapaces da gardería pasan moito calor, pedíndose que se colocaran uns toldos, pero segue igual.

Di que os camións seguen igual, póñense nas esquinas e dificultan a visibilidade para saír do Centro de Saúde á Avenida da Torre, e a policía vai por alí pero é igual e fan os informes como queren.

Pide que cando se veña a falar con algún concelleiro se atenda por hora de chegada e que non se pasen aos alcaldes de barrio diante.

Dirixíndose ao Sr. Alcalde di que onte foi co Vicepresidente pola súa zona, o que ela aproveitou para pedirlle que lle arranxaran as beirarrúas e se cortaran as silvas, co fin de que, ao dicirullo diante del, lle fixera algo de caso, pero o dubida moito.

Non habendo máis intervencións, levántase a sesión.

Esta acta redáctase conforme ao establecido no Real Decreto 2568/1986, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das





Entidades Locais; na Lei 40/2015, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas; e, concretamente, segundo o disposto no Decreto 24/2018, de 15 de febreiro, da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas de Xustiza, sobre os libros de actas e de resolucións das entidades locais galegas, o cal sinala no seu artigo 2, entre outros, que as actas son un resumo das intervencións, aclarando que os audios íntegros das intervencións formarán parte do expediente da sesión plenaria, emitíndose o respectivo certificado de autenticidade e integridade do arquivo das gravacións.

De todo o anterior faise cumprimento.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE

